Escrito por Redaccion @valminorinfo
Luns, 28 Novembro 2011 23:02



Os medos do Vaticano ante unha posible viraxe pro nazi do réxime de Franco. A inquedanza dos historiadores ante os atrancos que atopan á hora de solicitar acceso aos arquivos da ditadura. A reiteración de apelidos e familias ao longo da historia nas distintas estruturas de poder en Galicia. E as alianzas entre patróns e gobernos para reprimir as asociacións mariñeiras, son algúns dos temas abordados pola nova historiografía galega durante o ciclo **7 5 anos despois**
que se está a desenvolver na Capitanía Marítima de Baiona.

Investigadores da talla dos historiadores José Ramón Rodríguez Lago , Federico Cocho , Dionisio Pereira
e
Gonzalo Amoedo
, foron os encargados de presentar nas primeiras dúas conferencias, os seus derradeiros traballos de investigación. Os faladoiros -cara ao público asistente- van tecendo a complexa urdimbre que afasta de simplismos e falsas oposicións, as vicisitudes da historia recente, para demostrar que aínda queda moito por saber, e moito máis por "desaprender", do que pasou e do que se dixo nestes últimos 75 anos sobre a historia da bisbarra, de Galicia e de España.

A modo de exemplo, o libro *Cruzados o herejes. La religión, la Iglesia y los católicos en la Galicia de la Guerra Civil* (2010) de José Ramón Rodríguez Lago (Doutor en Historia Contemporánea. Profesor Asociado da U. Vigo), baseado en boa parte nunha pescuda feita polo autor nos arquivos e fondos documentais do Vaticano, permite unha mirada con moitos máis matices do que foi a actitude de distintos estratos de Igrexa Católica ao longo do proceso posterior ao golpe de Estado de 1936. Segundo Rodríguez Lago, o Vaticano mantivo certo receo dunha posible" xermanización" do franquismo, ante os abraiados relatos que moitos dos grupos como a Falanxe estaban a facer do nazismo. Un proceso que temían, levara a esta institución relixiosa a quedar afastada e aínda tamén represaliada como sucedeu na Alemaña do III Reich. Ou as difícil situación pola que atravesaron milleiros de católicos (sacerdotes e sobre todo laicos) que tiveran activa participación en partidos e institucións republicanas.

A novidade e profundidade dos temas abordados, permitiron un fluído intercambio co público ao final de cada presentación. O ciclo continuará este xoves 1 de decembro coa participación de Domingo Rodríguez Tejeiro , Doutor en Historia e profesor de Historia Contemporánea na U. Vigo quen presentará o seu libro *Presos e prisións na Galicia de guerra e de posguerra. 1936-1945* (2010). O encontro será ás 20:30 horas tamén na Capitanía Marítima de Baiona.

O ciclo 75 anos despois está organizado polo Instituto de Estudos Miñoranos e a Comisión Volta dos Nove, no marco dos actos e homenaxes polo 75 cabodano dos asasinatos dos nove veciños do Val Miñor na curva de Baredo en 1936. A última conferencia terá lugar o vindeiro 3 de decembro, sábado ás 18h a cargo de Carlos Méixome Quinteiro (Instituto de Estudos Miñoranos) que terá por título: "Baiona, 1936". Nesa xornada tamén terá lugar a partir das 19:30 horas unha homenaxe poético-músical aos Nove de Baredo, unha exposición de pintura e fotografía xunto coa mostra "Atopados", baseada nos traballos de exhumación de cinco veciños do Val Miñor nas fosas do cemiterio de San Xián (O Rosal).

{youtube}iD7JYgm7pKc&feature=player_embedded{/youtube}

{youtube}lJg6rqfozs8&feature=player_embedded{/youtube}

{youtube}jkHg-saT1zg&feature=player_embedded{/youtube}